

PROCEDIMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓN FINAIS NOS CENTROS

Normas xerais para a reclamación diante dos Departamentos Didácticos

1. Aclaracións oportunas do Profesor ao alumnado disconforme coa cualificación. De non chegar a acordo, procederase como se indica no seguinte apartado.
2. **O alumno ou os pais, poderán solicitar por escrito a revisión da cualificación no prazo de dous días lectivos**, baseada nos puntos seguintes que contempla a normativa (1, 2 e 3, máis adiante especificados). Débese ter en conta que as reclamacións as cualificacións finais, deben axustarse a estes puntos.
3. **28 e 29 de Xuño 2022** son as datas establecidas para presentar as reclamacións contra as cualificacións finais de xeito presencial na secretaría do centro, de 09:00 a 14:00 h. ou a través dos rexistros oficiais.

A/s solicitude/s de revisión, tramitada/s pola Dirección, trasladaranse á Xefatura do Departamento implicado, que **convocará unha reunión de Departamento extraordinaria**, para contrastar:

- 1.- A avaliación que se levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e nivel, recollidos na correspondente programación didáctica.
- 2.- Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
- 3.- A aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica para a superación dos módulos non foi correcta.

O Departamento procederá ao estudo da solicitude e emitirá un informe, (xúntase informe orientativo), **motivado e razoado**, que recolla:

- Descrición de feitos e actuacións previas que teñan lugar.
- Análise realizada conforme ao punto anterior.
- Decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

O Xefe de Departamento dará traslado a Dirección do informe elaborado; o/a Director/a emitirá resolución ao respecto e comunicará a mesma ao alumno/a.

O Xefe de estudos e o Profesor Titor considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria á Xunta de Avaliación, no caso de rectificación de cualificacións.

Se tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación, o Secretario do Centro fará as oportunas dilixencias, visada polo Director en:

- Actas
- Expediente académico

Achegarse a dirección do centro a seguinte documentación: Convocatoria de reunión e Acta/informe da mesma, asinada por todos os membros do Departamento; copia da Programación Didáctica do/a profesor/a, na que consten os obxectivos e os contidos mínimos esixibles e os criterios de cualificación; copia dos rexistros de avaliación, coa documentación aportada polo alumnado para tal fin.

En Vigo a 22 de Xuño de 2022
Asdo: Rubén Otero Caneda
Director CIEFP Manuel Antonio